



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

## ANEXO III

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS ÁS AGRUPACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR460A</b>	DOCUMENTO <b>PAGAMENTO</b>
--	---	-------------------------------

**SUBVENCIÓNS ÁS AGRUPACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL -certificado para achegar coa xustificación de gastos.**

D/D.ª [ ] como PRESIDENTE/A da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de [ ]

## CERTIFICA

1. Que non se solicitaron outras subvencións para os mesmos fins que as que se subvencionan con cargo á Orde do \_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_.

2. Que as subvencións solicitadas para a mesma finalidade, no seu conxunto, non superan o custo da actividade subvencionada.

, de de 201

(Sinatura)

Folla 3 do impreso de solicitude, para cubrir por todos os solicitantes

*Resolución do 23 de decembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se conceden subvencións a concellos ao abeiro da Resolución do 29 de outubro de 2009 pola que se convocan subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a adquisición de equipamentos deportivos (Diario Oficial de Galicia número 218, do 6 de novembro).*

De conformidade co disposto na Resolución do 29 de outubro de 2009 pola que se convocan subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a adquisición de equipamentos deportivos (DOG nº 218, do 6 de novembro), e de acordo coas bases que rexen nesta convocatoria, aprobadas por Resolución do 30 de xullo de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións e espazos deportivos (DOG nº 149, do 31 de xullo), recibidas as solicitudes na Secretaría Xeral para o Deporte e rematada a fase de revisión da documentación achegada e de comprobación do grao de cumprimento dos requisitos establecidos na dita resolución, esta secretaría xeral

**RESOLVE:**

1. Outorgar para a adquisición de equipamento deportivo as subvencións económicas que a favor

dos concellos propostos se identifican e enumeran seguidamente por orde da puntuación acadada unha vez aplicados os criterios establecidos no artigo 4º da Resolución do 30 de xullo de 2009. O importe da subvención acada a totalidade do investimento.

Concello	Prov.	CIF	Actuación	Puntos	Importe subv.
Muños	OU	P3205200C	Equipamento biosaudable	78,0	11.600,00
Vilardevós	OU	P3209200I	Equipamento biosaudable	71,5	11.368,00
O Páramo	LU	P2704300I	Equipamento biosaudable	69,0	8.681,59
Ribas de Sil	LU	P2705200J	Equipamento biosaudable	69,0	9.564,20
Guntín de Pallares	LU	P2702300A	Equipamento biosaudable	67,0	10.672,00
Carral	CO	P1502100I	Equipamento biosaudable	66,0	10.525,51
Maceda	OU	P3204400J	Equipamento biosaudable	66,0	8.681,60
Pontedeume	CO	P1507000F	Equipamento biosaudable	65,5	11.600,00
Verea	OU	P3208500C	Equipamento biosaudable	65,5	11.480,52
Coles	OU	P3202700E	Equipamento biosaudable	65,0	11.600,00
Covelo	PO	P3601300A	Equipamento biosaudable	65,0	9.262,60
Gomesende	OU	P3203400A	Equipamento biosaudable	65,0	8.765,39
Ouro	LU	P2703800I	Equipamento biosaudable	65,0	8.681,63
Parada do Sil	OU	P3205800J	Equipamento biosaudable	65,0	8.607,20
Oímbra	OU	P3205400I	Equipamento biosaudable	64,5	9.692,92
Vilamarín	OU	P3208800G	Equipamento biosaudable	64,5	11.597,68
Forcarei	PO	P3601800J	Equipamento biosaudable	64,0	9.093,90
Laza	OU	P3204000H	Equipamento biosaudable	64,0	9.730,08
Ramirás	OU	P3206900G	Equipamento biosaudable	64,0	9.477,20
Rubiá	OU	P3207400G	Equipamento biosaudable	64,0	7.484,13
Vilar de Barrio	OU	P3209000C	Equipamento biosaudable	64,0	11.600,00
Vilamarín de V.	OU	P3208900E	Equipamento biosaudable	63,5	11.600,00
Cariño	CO	P1509500C	Equipamento biosaudable	63,0	11.449,20

Concello	Prov. CIF	Actuación	Puntos	Importe subv.
Irixoa	CO P1504000I	Equipamento biosaudable	63,0	8.681,59
Mesía	CO P1504800B	Equipamento biosaudable	63,0	7.029,96
Pantón	LU P2704100C	Equipamento biosaudable	63,0	11.165,00
Vilanova de A.	PO P3606100J	Equipamento biosaudable	63,0	9.836,80
Xove	LU P2702500F	Equipamento biosaudable	63,0	7.470,40
A Bola	OU P3201500J	Equipamento biosaudable	62,5	9.589,72
A Gudiña	OU P3203500H	Equipamento biosaudable	62,5	11.600,00
Leiro	OU P3204100F	Equipamento biosaudable	62,5	11.600,00
Navia de Suarna	LU P2703400H	Equipamento biosaudable	62,5	3.832,21
Vilarnaíor	CO P1509200J	Equipamento biosaudable	62,5	4.274,60
Bande	OU P3200700G	Equipamento biosaudable	62,0	8.607,20
Chandrexa de Queixa	OU P3203000I	Equipamento biosaudable	62,0	11.252,00
Larouco	OU P3203900J	Equipamento biosaudable	62,0	10.000,00
Paderne de Allariz	OU P3205600D	Equipamento biosaudable	62,0	10.000,00
Vila de Cruces	PO P3605900D	Equipamento biosaudable	62,0	11.531,56

2. Proceder á exclusión dos concellos solicitantes que se relacionan a seguir polas causas que para cada caso se indican.

Concello	Provincia	Causa de exclusión
Abegondo	CO	Actuación non subvencionable
Manzaneda	OU	Actuación non subvencionable
A Mezquita	OU	Actuación non subvencionable
Ribeira	CO	Non xustifica subvención 2008
Rois	CO	Excede orzamento máximo
San Sadurniño	CO	Actuación non subvencionable
Trazo	CO	Actuación non subvencionable

3. Denegar o outorgamento das restantes solicitudes de subvención admitidas, por acadar unha valoración inferior para a actuación programada en relación coas que resultaron subvencionadas.

4. A finalidade das subvencións é axudar aos concellos de Galicia para a adquisición de equipamentos deportivos no ano 2009.

5. As subvencións concedidas faranse efectivas con cargo á aplicación 40.60.441A.760.0 e ata unha contía máxima de 375.923,20 €.

Esta resolución comporta unha asignación do crédito establecido por un importe total de 369.286,39 €.

6. Contra esta resolución os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da oportuna notificación ou, se é o caso, a partir do día seguinte ao da publicación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2009.

José Ramón Lete Lasa  
Secretario xeral para o Deporte

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Resolución do 30 de decembro de 2009 de desistencia dos procedementos de parques eólicos en tramitación instruídos ao abeiro da Orde do 6 de marzo de 2008.*

Antecedentes de feito.

En aplicación do Decreto 242/2007, do 13 de decembro, polo que se regulaba o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia, ditouse a Orde do 6 de marzo de 2008, pola que se determina o obxectivo de potencia máxima en megawatts para tramitar no período 2008-2012 e se abriu o prazo para a presentación de solicitudes de autorización de parques eólicos.

Ao amparo da orde iniciouse o procedemento para o outorgamento das referidas autorizacións de parques eólicos.

Pola resolución da Consellería de Economía e Industria do 7 de agosto de 2009 (DOG nº 159, do 14 de agosto), e polos motivos que constan nela, acordouse suspender a tramitación do procedemento para o outorgamento de autorizacións de parques eólicos ao abeiro do Decreto 242/2007 e da súa orde de aplicación.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-A disposición transitoria primeira da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (DOG nº 252, do 29 de decembro), textualmente indica:

«1. As xustificadas razóns que motivan esta norma son causas necesarias e suficientes de interese público que determinan a desistencia dos procedementos da autorización de parques eólicos en tramitación instruídos ao abeiro da Orde do 6 de marzo de 2008.

2. En aplicación do previsto no anterior parágrafo, a persoa titular da consellería competente en materia de enerxía, no prazo do mes seguinte á entrada en vigor da lei, ditará resolución e acordará expresa e unilateralmente a desistencia e, en consecuencia, a finalización do procedemento e dos trámites instruídos ao abeiro da Orde do 6 de marzo de 2008».

Segundo.-O Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG nº 117, do 17 de xuño) sinala que a Consellería de Economía e Industria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de enerxía.

Como consecuencia do exposto, en cumprimento do precepto legal transcrito,

**RESOLVO:**

Primeiro.-Desestir dos procedementos de autorización de parques eólicos en tramitación instruídos ao abeiro da Orde do 6 de marzo de 2008, dándoos por finalizados.

Segundo.-De conformidade co artigo 74.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, declárase extinguida a eficacia da medida provisional de suspensión do proce-